



CAMPO DE VOLUNTARIADO “MONTE CASTELO” (SALVATERRA DO MIÑO - PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PAZAS
19-30/08/2020	18-30	AUTONÓMICO	MEDIOAMBIENTAL	12

LOCALIZACIÓN



Salvaterra do Miño é un concello da provincia de Pontevedra. Pertence á Área Metropolitana de Vigo, e xunto con Monção, en Portugal, forma unha eurocidade.

O concello atópase na fronteira meridional da provincia de Pontevedra, na confluencia dos vales dos ríos Tea e Miño, e ten como límites naturais a Serra do Paradanta, no Concello das Neves, ao este; ao norte os concellos de Mondariz e Pontearreas; ao sur o río Miño, que o separa de Portugal (C. M. de Monção) e ao oeste limita cos concellos de Salceda de Caselas e de Tui.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO

O obxectivo deste campo é a posta en valor do Monte Castelo, así como das súas zonas lindantes, o seu aproveitamento. Para isto, deseñamos as seguintes tarefas:

- Sinalización dos cruzamentos de camiños na ruta para chegar ao Monte Castelo
- Deseño do logotipado para a sinalización.
- Elaboración e colocación destes sinais.
- Limpeza e acondicionamento de partes do trazado desta ruta.
- Dinamización e promoción desta ruta en webs relacionadas co sendeirismo e co medio natural.
- Actividades de sensibilización social, para o que se realizará a ruta con persoas con diversidade funcional, fomentando así a actividade adaptada a todas as persoas na natureza.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Piscina, tiro con arco, carreira de orientación, deportes e xogos tradicionais.
- Kayak
- Veladas

COMO CHEGAR

Tanto dende Compostela (vía Vigo), como dende Ourense, como dende a propia cidade de Vigo, a forma de chegar en transporte público a Salvaterra é en tren (www.renfe.es).

ALOXAMENTO

Pavillón polideportivo en tendas individuais.

INCORPORACIÓN

Pendente de confirmar

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.



EQUIPO ACONSELLABLE

- Artigos de limpeza (bolsa de aseo) e unha toalla de ducha.



CAMPO DE VOLUNTARIADO “MONTE CASTELO” (SALVATERRA DO MIÑO - PONTEVEDRA)

- Saco de durmir e mochila pequena.
- Zapatos de *trekking* e calzado deportivo.
- Roupa: roupa deportiva (suadoiros...) traxe de baño (toalla, chancletas...) roupa de abrigo (adeuada para traballar baixo a choiva ou con frío) abrigo impermeable, roupa de traballo (guantes, gorro / sombreiro, calzado cómodo ...).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a

actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tel. 981 957 115.

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude en Vigo. Tel. 986 817 079

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de voluntariado, ocio e tempo libre, actividades, formación...